AS ÁREAS SANITARIAS E DISTRITOS SANITARIOS DE GALICIA

Instrumentos de organización, sen personalidade xurídica, que configuran os órganos periféricos que xestionan o Sistema Público de Saúde de Galicia e integran todos os centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde no seu ámbito territorial.

Correspóndelles a xestión unitaria dos recursos sanitarios do seu ámbito territorial, así como das prestacións e programas sanitarios que desenvolvan, excepto as funcións de autoridade sanitaria.

O ámbito xeográfico de cada unha das estruturas de xestión integrada establécese no decreto polo que se creou cada Xerencia.

En Galicia hai 7 Estruturas de Xestión Integrada.

- **Área Sanitaria da Coruña e Cee**
- **Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza**
- **Área Sanitaria de Ferrol**
- **Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras**
- **Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés**
- **Área Sanitaria de Vigo**
- **Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos**